

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EDUCACIÓN MUSICAL 2021/2022

CONTEXTUALIZACIÓN

A Educación musical pode axudar ás cativas e cativos a expresarse a través do corpo, da voz e da práctica instrumental, desenvolvendo ao mesmo tempo a súa creatividade e favorecendo a capacidade de expresión.

As artes en xeral e a música en particular teñen un papel relevante no desenvolvemento do alumnado. Este curso, seguimos coas dificultades que supuxo a pandemia do COVID-19 e debemos permanecer atentos aos diferentes protocolos sanitarios. Neste senso, debemos planificar o curso 2021-2022 atendendo ao Protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022.

O CRA Raíña Aragonta é un centro rural agrupado de Educación Infantil, situado en Salceda de Caselas. Consta dun número total de 221 alumnos e alumnas agrupados en 15 unidades. Oito desas unidades están na Sede, dividíndose en dúas aulas de 3 anos, tres aulas de 4 anos e tres aulas de 5 anos. Doutra banda, as outras sete unidades sitúanse en diferentes parroquias de Salceda, conformando aulas mixtas. Neste senso, realizaremos sesións conxuntas para as tres idades, adaptándonos ás singularidades e heteroxeneidade con propostas e actividades globalizadas. Durante o presente curso 2021/2022 impartirase a educación musical nunha sesión semanal de 60 minutos. Diferenciada por niveis. Tamén, en función da situación sanitaria faremos un plantexamento tendo en conta a actividade lectiva presencial, semipesencial e/ou non presencial.

Para a elaboración desta programación apoiámonos no marco legal vixente. O noso sistema educativo susténtase na Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, (LOMCE), que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio (LOE), de Educación e o Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais da lexislación xeral, tamén temos en conta o protocolo sanitario da Xunta de Galicia.

OBXECTIVOS

Presentamos os obxectivos que serán a nosa meta para o curso 2021-2022, separados por niveis. Estes obxectivos son susceptibles de revisión e adaptación tendo en conta a situación sanitaria.

4º INFANTIL

- Iniciarse no respecto e no desenvolvemento dunha actitude de escoita activa.
- Recoñecer as cualidades dos sons do contorno natural e social e discriminación dos seus trazos distintivos.
- Gozar da música mediante audicións musicais lúdicas.
- Explorar as posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, dos obxectos cotiás e de instrumentos musicais.
- Diferenciar entre son, ruído e silencio.
- Utilizar o propio corpo para expresar sentimentos e emocións.
- Coñecer os parámetros do son (intensidade, timbre, altura e duración) a través dos diferentes medios de expresión.
- Coordinar movemento e estímulo sonoro realizando pequenas coreografías e xogos xestuais.
- Utilizar as tecnoloxías da información e plataformas musicais para a creación de diferentes proxectos sonoros.

5º INFANTIL

- Recoñecer as cualidades dos sons do contorno natural e social e discriminación dos seus trazos distintivos.
- Explorar as posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, dos obxectos cotiás e de instrumentos musicais.
- Iniciarse na lectoescritura musical a través de diferentes medios e recursos.
- Coñecer os parámetros do son (intensidade, timbre, altura e duración) a través dos diferentes medios de expresión.
- Iniciarse na utilización da escritura non convencional para a representación e creación de ritmos e secuencias sonoras.
- Iniciarse na escoita musical dun repertorio sinxelo de obras de diferente estilo e autoría.

- Empregar a voz, percusión corporal e os instrumentos escolares na interpretación de obras.
- Reproducir e improvisar esquemas rítmicos e melódicos coa voz e instrumentos de pequena percusión.
- Coordinar movemento e estímulo sonoro realizando pequenas coreografías e xogos xestuais.
- Utilizar as tecnoloxías da información e plataformas musicais para a creación de diferentes proxectos sonoros.
- Valorar e coñecer o traballo das e dos diferentes profesionais da música, facendo fincapé no eido galego e prestando atención ao papel de muller na música.

6º INFANTIL

- Respetar e manter unha actitude de escoita activa.
- Coñecer e seguir as normas de comportamento en audicións e representacións.
- Coñecer e utilizar os elementos básicos da lectoescritura musical.
- Recoñecer e interpretar as cualidades dos sons do contorno natural e social e discriminación dos seus trazos distintivos agrupándoos en paisaxes sonoras.
- Explorar as posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, dos obxectos cotiás e de instrumentos musicais.
- Coñecer e representar os parámetros do son (intensidade, timbre, altura e duración) a través dos diferentes medios de expresión.
- Utilizar a escritura non convencional para a representación e creación de ritmos e secuencias sonoras.
- Iniciarse na escoita musical dun repertorio sinxelo de obras de diferente estilo e autoría.
- Empregar a voz, percusión corporal e os instrumentos escolares na interpretación de obras.
- Reproducir e improvisar esquemas rítmicos e melódicos coa voz e instrumentos de pequena percusión.
- Coordinar movemento e estímulo sonoro realizando pequenas coreografías e xogos xestuais.
- Utilizar as tecnoloxías da información e plataformas musicais para a creación de diferentes proxectos sonoros.

- Valorar e coñecer o traballo das e dos diferentes profesionais da música, facendo fincapé no eido galego e prestando atención ao papel de muller na música.

CONTIDOS

Presentamos os contidos por niveis. Para o ensino mixto, empregamos os mesmos adaptados de xeito individual segundo a idade.

CONTIDOS PARA 4º INFANTIL

Bloque I: escoita

Recoñecemento do sons do contorno natural e social e discriminación dos trazos distintivos.

Audición atenta de obras musicais populares, clásicas e contemporáneas.

Exploración dos parámetros do son.

Vivencia do son e do silencio.

Bloque II: Interpretación musical

Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiás e de instrumentos musicais e recursos tecnolóxicos. Utilización dos sons achados para a interpretación e a creación musical.

Improvisación e exploración sonora con diferentes materiais e recursos tecnolóxicos.

Construción de instrumentos musicais con materiais de refugallo.

Bloque III: Música, movemento e danza

Participación activa e gozo na interpretación de danzas colectivas e individuais.

Creación mediante a música e o baile dos propios patróns, recreando situacións, ideas, feitos e sentimentos mediante o humor, o absurdo e a fantasía, compartindo con outras persoas as propias creacións.

Vivencia de xestos e movementos como recursos corporais para a expresión e a comunicación e o intercambio comunicativo.

Participación en actividades de dramatización, danza, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal colaborando na elaboración dos elementos necesarios para unha ambientación axeitada.

Xogos de relaxación, respiración, coordinación e dicción.

CONTIDOS PARA 5º INFANTIL

Bloque I: escoita

Recoñecemento do sons do contorno natural e social e discriminación dos trazos distintivos.

Audición activa e atenta de obras musicais populares, clásicas e contemporáneas.

Diferenciación dos parámetros básicos do son.

Vivencia do son e do silencio.

Comunicación oral de sentimentos e emocións que produce a música.

Profesionais da música: director/a, instrumentistas, público.

Bloque II: Interpretación musical

Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiás e de instrumentos musicais e recursos tecnolóxicos. Utilización dos sons achados para a interpretación e a creación musical.

Improvisación e exploración sonora con diferentes materiais e recursos tecnolóxicos.

Construción de instrumentos musicais con materiais de refugallo.

Interpretación e memorización de ladaíñas ao unísono.

Iniciación á lectura de partituras breves e sinxelas con grafías convencionais e non convencionais.

Iniciación á notación musical: pentagrama, clave de sol, nome das notas, negra e silencio de negra.

Imitación de fórmulas rítmicas.

Bloque III: Música, movemento e danza

Participación activa e gozo na interpretación de danzas colectivas e individuais.

Creación mediante a música e o baile dos propios patróns, recreando situacións, ideas, feitos e sentimentos mediante o humor, o absurdo e a fantasía, compartindo con outras persoas as propias creacións.

Vivencia de xestos e movementos como recursos corporais para a expresión e a comunicación e o intercambio comunicativo.

Participación en actividades de dramatización, danza, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal colaborando na elaboración dos elementos necesarios para unha ambientación axeitada.

Xogos de relaxación, respiración, coordinación e dicción.

Técnicas básicas de movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseño no espazo.

CONTIDOS PARA 6º INFANTIL

Bloque I: escoita

Recoñecemento do sons do contorno natural e social e discriminación dos trazos distintivos.

Audición activa e atenta de obras musicais populares, clásicas e contemporáneas.

Diferenciación dos parámetros básicos do son: altura, timbre, duración e intensidade.

Vivencia do son e do silencio.

Comunicación oral de sentimentos e emocións que produce a música.

Identificación e valoracións dos profesionais da música: director/a, instrumentistas, público e compositor/a.

Bloque II: Interpretación musical

Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiás, instrumentos musicais e recursos tecnolóxicos. Utilización dos sons achados para a interpretación e a creación musical.

Improvisación e exploración sonora con diferentes materiais e recursos tecnolóxicos.

Construción de instrumentos musicais con materiais de refugallo.

Interpretación e memorización de ladaíñas ao unísono.

Creación e lectura de partituras breves e sinxelas con grafías convencionais e non convencionais.

Iniciación á notación musical: pentagrama, clave de sol, nome das notas, negra, silencio de negra, corchea, branca.

Imitación e creación de fórmulas rítmicas.

Bloque III: Música, movemento e danza

Participación activa e gozo na interpretación de danzas colectivas e individuais.

Creación mediante a música e o baile dos propios patróns, recreando situacións, ideas, feitos e sentimentos mediante o humor, o absurdo e a fantasía, compartindo con outras persoas as propias creacións.

Vivencia de xestos e movementos como recursos corporais para a expresión e a comunicación e o intercambio comunicativo.

Participación en actividades de dramatización, danza, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal colaborando na elaboración dos elementos necesarios para unha ambientación axeitada.

Xogos de relaxación, respiración, coordinación e dicción.

Técnicas básicas de movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais.

AVALIACIÓN

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Na etapa da educación infantil, a avaliación será **global, continua e formativa**. A observación directa e sistemática constituirá a técnica principal do proceso de avaliación.

A avaliación, nesta etapa, debe servir para identificar as aprendizaxes adquiridas e o ritmo e características da evolución de cada nena ou neno. Para estes efectos, tomaranse como referencia os criterios de avaliación de cada unha das áreas.

A presente programación integra a avaliación no proceso de ensinanza aprendizaxe e na actividade ordinaria da aula e do centro docente, converténdoa nun referente tanto para valorar o progreso do alumnado como a mellora do proceso educativo. Guiarémonos por uns **indicadores observables específicos**, deseñados para a avaliación da consecución dos obxectivos propostos e a realizaremos en diferentes fases:

Avaliación inicial ou diagnóstica: a avaliación inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso permite identificar as posibles dificultades do alumnado.

Avaliación continua e formativa: avaliar o proceso de ensino-aprendizaxe. A través da observación directa recolleremos os avances diarios do alumnado. En consecuencia adaptamos aos ritmos individuais de traballo e estableceremos accións de reforzo ou ampliación. Servirémonos das rúbricas e dianas de avaliación.

Avaliación final: comprobarase se se cumpriron os obxectivos fixados e realizarase unha recapitulación de todos os datos obtidos ao longo da avaliación continua. Tanto da observación directa, as listas de control, as producións do alumando e as rúbricas ou dianas.

A valoración do proceso de aprendizaxe expresarase en termos cualitativos. Cualificarase con: **sen dificultade, en proceso, con dificultade**.

Para levar a cabo a avaliación temos en conta os seguintes **criterios de avaliación:**

C1. Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais. (Con este criterio comprobarase se o alumnado se serve das diferentes representacións -plásticas, musicais, corporais e

audiovisuais- para plasmar as súas vivencias, emocións e sentimentos, facendo uso dos diferentes materiais, instrumentos e técnicas propios destas linguaxes. Así mesmo, valorarase o interese e curiosidade que o alumnado manifesta por incorporar ás súas producións libres diferentes materiais técnicos e recursos tecnolóxicos.

C2. Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas. Observarase o gusto por experimentar e explorar as posibilidades expresivas do corpo, da voz, dos elementos plásticos e dos sons. Valorarase tamén a capacidade para expresar as distintas impresións que lle producen a cadaquén as obras artísticas.

C3. Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación. Este criterio permite valorar a súa competencia para acceder e empregar as tecnoloxías da información e comunicación.

INDICADORES OBSERVABLES ESPECÍFICOS PARA A AVALIACIÓN

INDICADORES 4º INFANTIL

- I.1. Explora as propiedades sonoras do corpo, da voz, dos obxectos cotiás e instrumentos musicais.
- I.2. Diferenza son e silencio.
- I.3. Recoñece sons do contorno natural e social.
- I.4. Participa e goza cando se fan actividades musicais.
- I.5. Expresa emocións con xestos e expresións.
- I.6. Amosa unha actitude de atención e relaxación diante da escoita de distintas obras musicais populares, clásicas e contemporáneas.
- I.7. Participa activamente e goza en actividades de dramatización, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.
- I.8. Amosa interese e colabora nas actividades plásticas e na realización de proxectos sonoros coas TICs.
- I.9. Participa e coordina o seu corpo con diferentes técnicas básicas de movemento nas coreografías propostas.
- I.10. Coordina e utiliza o seu corpo para adaptarse ao estímulo sonoro e expresar emocións.

I.11. Recoñece os parámetros do son a través dos diferentes medios de expresión.

INDICADORES 5º INFANTIL

I.1. Explora as propiedades sonoras do corpo, da voz, dos obxectos cotiás e instrumentos musicais.

I.2. Diferenza son e silencio.

I.3. Recoñece sons do contorno natural e social.

I.4. Participa e goza cando se fan actividades musicais.

I.5. Expresa emocións con xestos e expresións.

I.6. Amosa unha actitude de atención e relaxación diante da escoita de distintas obras musicais populares, clásicas e contemporáneas.

I.7. Participa activamente e goza en actividades de dramatización, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.

I.8. Amosa interese e colabora nas actividades plásticas e na realización de proxectos sonoros coas TICs.

I.9. Coordina e reproduce as técnicas básicas de movemento nas actividades de expresión corporal.

I.10. Coordina e utiliza o seu corpo para adaptarse ao estímulo sonoro e expresar emocións.

I.11. Recoñece os parámetros do son a través dos diferentes medios de expresión.

I.12. Coñece as grafías básicas da linguaxe musical.

I.13. Utiliza a escritura convencional e non convencional para a representación de ritmos e creación de secuencias sonoras.

I.14. Coñece o papel dos profesionais da música: director, instrumentistas e público.

I.15. Participa activamente na interpretación de cancións e xogos musicais.

I.16. Imita sons e ritmos empregando os instrumentos musicais e a voz.

I.17. Sinala gustos musicais e comunica as emocións e sentimentos que lle produce a música.

I.18. Acórdase das cancións e fragmentos de música traballados.

I.19. Participa activamente na interpretación de danzas colectivas e individuais.

INDICADORES 6º INFANTIL

I.1. Explora as propiedades sonoras do corpo, da voz, dos obxectos cotiás e instrumentos musicais.

- I.2. Diferenza son e silencio.
- I.3. Recoñece sons do contorno natural e social.
- I.4. Participa e goza cando se fan actividades musicais.
- I.5. Expressa emocións con xestos e expresións.
- I.6. Amosa unha actitude de atención e relaxación diante da escoita de distintas obras musicais populares, clásicas e contemporáneas.
- I.7. Participa activamente e goza en actividades de dramatización, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.
- I.8. Amosa interese e colabora nas actividades plásticas e na realización de proxectos sonoros coas TICs.
- I.9. Coordina e reproduce as técnicas básicas de movemento nas actividades de expresión corporal.
- I.10. Coordina e utiliza o seu corpo para ao estímulo sonoro e expresar emocións.
- I.11. Recoñece e representa os parámetros do son a través dos diferentes medios de expresión.
- I.12. Le e entende as grafías básicas da linguaxe musical.
- I.13. Utiliza a escritura convencional e non convencional para a representación de ritmos e creación de secuencias sonoras.
- I.14. Coñece o papel dos profesionais da música: director/a, instrumentistas, compositor/a e público.
- I.15. Participa activamente na interpretación de cancións e xogos musicais.
- I.16. Produce sons e ritmos empregando os instrumentos musicais e a voz.
- I.17. Sinala gustos musicais e comunica as emocións e sentimentos que lle produce a música.
- I.18. Acórdase das cancións e fragmentos de música traballados.
- I.19. Participa activamente na interpretación de danzas colectivas e individuais.

Tanto os criterios de avaliación como os indicadores serán adaptados as diferentes modalidades de ensino se a situación sanitaria o require.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN ADAPTADOS AO ENSINO NON PRESENCIAL

Empregaremos como canles de comunicación a plataforma Webex e o correo electrónico. Todas as tarefas, actividades, traballos materiais enviados e observados teranse en conta para realizar a avaliación. Despois dunha análise e reflexión dos materiais e comunicación coas familias os traballos presentados partirán dunha avaliación positiva. O feito de non recibir resposta por parte das familias será analizado e valorado co titor ou titora posto que o contexto familiar ou as situacións persoais nunca deben ser motivo de exclusión ou valoración negativa. Para este traballo tamén utilizaremos rúbricas e a observación sistemática dos procesos de ensino aprendizaxe que se establezan en comunicación coas familias.

Para o alumnado sen conectividade estableceranse canles de comunicación co titor ou titora para facer un seguimento o máis personalizado posible e evitar as desigualdades que poida ocasionar a fenda dixital.

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

Avaliación da ensinanza e da práctica docente co obxectivo de manter a calidade no proceso de ensino-aprendizaxe e cunha visión de mellora continua tanto a docencia como a presente programación será avaliada empregando rúbricas e escalas de valoración cos indicadores de logro a avaliar da nosa práctica docente.

METODOLOXÍA

A metodoloxía didáctica empregada será comunicativa, inclusiva, activa e participativa. Dirixida á consecución dos obxectivos e capacidades para desenvolver as competencias clave. Susténtase nos seguintes principios metodolóxicos:

- Participación activa do alumando sendo o protagonista da súa propio aprendizaxe e construtor do coñecemento interactuando co seu entorno máis próximo.
- Elección de material potencialmente significativo que resulte motivador para o alumando.
- Especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada e na prevención de dificultades.

- Fomenta o traballo en grupo xa que proporciona interaccións, xera conflitos cognitivos, promove a cooperación e a colaboración.
- Enfoque globalizador e interdisciplinario que ten en conta a transversalidade da aprendizaxe.
- Especial énfase en coñecer e respectar as diferentes culturas e na igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres.
- Flexibilidade para a adaptación ás diferentes modalidades de ensino.

Partimos dun proxecto documental integrado que ten como centro de interese o mundo e todas as súas culturas. O proxecto de educación musical para os tres niveis é: **UN MUNDO DE MÚSICAS**. dividirase en pequenas tarefas globalizadoras atendendo aos diferentes niveis e heteroxeneidade das aulas. Debido a situación actual tanto a metodoloxía, a organización de espazos tempos e recursos adaptarase tanto ao ensino presencial, semipresencial ou non presencial. Así pois, propoñemos unha serie de tarefas globalizadas que requiren da posta en práctica de todas as competencias do alumando, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan o autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo ou tamén a investigación mediante proxectos de traballo. As secuencias didácticas non son ailladas se non que parten dun deseño universal da aprendizaxe (DUA) e susténtase na teoría de Vigotsky e a súa idea de andamiaxe.

A parte de todos estes aspectos xerais metodolóxicos, temos en conta os específicos da pedagogía musical tales como os de Willems, Orff, Schaffer, Hemsy, Dalcroze, Kodály entre outros.

Os proxectos e tarefas globais distribúense por niveis e poden ser flexibles con respecto a súa temporalización, organización ou flexibilidade na docencia.

No referido á atención educativa do alumnado da aula de música, nos escenarios que impliquen unha atención diferente da establecida con carácter xeral para o ensino presencial, seguirase o establecido no apartado correspondente da PXA: *Planificación da labor educativa nos diferentes escenarios*.

Horario

Cada aula terá unha sesión semanal de educación musical que durará 60 minutos. A especialidade de música en cuarto de infantil será impartida por unha mestra de apoio que estará coordinada coa especialista de música en todo momento e compartindo as mesmas normas de actuación e metodoloxía.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Un dos obxectivos principais que persegue esta programación é transmitir ao alumnado a virtude de ser unha aula plural e heteroxénea e aproveitar a diversidade da aula como un recurso que contribúa a enriquecer o traballo na materia. A programación, contempla por unha banda **medidas xerais** de atención á diversidade do grupo aula, elaboradas a partir das directrices do Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro para dar unha resposta inclusiva á diversidade e garantir a igualdade de oportunidades.

O noso traballo sempre está asesorado polo **Departamento de Orientación**, en continua comunicación. Dende a Educación musical, entendemos que o traballo co alumnado ANEAE debe ser o máis integrador posible co resto do alumnado para que todos compartan unha experiencia enriquecedora. Isto non quere dicir que non poñamos en marcha unha serie de medidas integradoras e sinxelas que garantan e reforcen o proceso de ensino aprendizaxe tales como, a percepción da música a través da vista co uso de grafías non convencionais e palabras, movementos e xestos, o recoñecemento sonoro a través das vibracións, a adaptación dos materiais con pitcogramas. Para isto utilizaremos recursos tecnolóxicos, materiais vibrotáctiles, recursos visuais, gravacións de calidade, condicións ambientais axeitadas, control da voz e de mensaxes cortos e claros.

Coidaremos que todo o alumnado teña acceso ao proceso de ensinanza aprendizaxe en calquera dos escenarios presentes debido á situación sanitaria e aseguraremos a súa participación e implicación no desenvolvemento das accións educativas.

Atenderemos aos diferentes modos que ten o alumnado de percibir e expresar a información para garantir a comprensión e comunicación da mesma así como os axustes de medios, tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación en colaboración cos titores/as e o Departamento de Orientación.

Avaliación ANEAE

Para a avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo utilizaremos os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe fixados con carácter xeral, para o alumnado que o requira, a adaptación das condicións de realización da avaliación para garantir a obtención da información referente á aprendizaxe.